



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Allariz

Anuncio

Por resolución da Alcaldía n.º 2018-0253, de data 29 de agosto de 2018, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir o/os posto/s de traballo de limpador/a en réxime de persoal laboral temporal polo sistema de concurso de méritos.

As bases integras que rexerán a convocatoria figuran publicadas no taboleiro de anuncios do concello (Praza Maior, 1) e na páxina web municipal (www.allariz.gal).

A partir desta publicación, ábrese o prazo de sete días hábiles para a presentación de instancias.

A alcaldesa. Asdo.: M.^a Cristina Cid Fernández.

Documento asinado electrónicamente.

Anuncio

Por resolución de la Alcaldía n.º 2018-0253, de fecha 29 de agosto de 2018, fueron aprobadas las bases y la convocatoria para la constitución de una bolsa de empleo para cubrir el/los puesto/s de trabajo de limpiador/a en régimen de personal laboral temporal por el sistema de concurso de méritos.

Las bases íntegras que regirán la convocatoria figuran publicadas en el tablero de anuncios del ayuntamiento (Plaza Mayor, 1) y en la página web municipal (www.allariz.gal).

A partir de esta publicación, se abre el plazo de siete días hábiles para la presentación de instancias.

La alcaldesa. Fdo.: M.^a Cristina Cid Fernández.

Documento firmado electrónicamente.

R. 2.726

A Rúa

Anuncio

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública da Ordenanza fiscal reguladora da ocupación de dominio público local, con terrazas, veladores e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, presentáronse dúas reclamacións en tempo e forma ao acordo plenario adoptado na sesión que tivo lugar el día 7 de maio de 2018, de aprobación provisional da dita ordenanza. As ditas reclamacións desestimounas o Pleno da Corporación por maioría absoluta na sesión extraordinaria realizada o día 30 de xullo de 2018, procedendo á súa aprobación definitiva.

Así pois, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, publícase, como anexo a este anuncio, o texto íntegro da dita ordenanza.

Contra este acordo definitivo de aprobación da ordenanza, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o TSXG no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación.

A Rúa de Valdeorras, 21 de agosto de 2018. O alcalde.

Asdo.: Luís Fernández Gudiña.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de dominio público local con terrazas, veladores e outros elementos análogos con finalidade lucrativa

Artigo 1º.- Fundamento e réxime

No uso das facultades concedidas polo artigo 57 do Texto refundido da Lei reguladoras facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello da

Rúa establece a taxa polas utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos pola ocupación da vía pública con terrazas, veladores e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que se rexerá polas normas contidas para o efecto na dita lei, e por esta ordenanza fiscal.

Todo o relativo a solicitudes, autorizacións, normas de xestión e demais aspectos substantivos materiais que non aparecen regulados nesta ordenanza fiscal rexeranse pola ordenanza reguladora desta taxa.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público terrazas, veladores e outros elementos con finalidade lucrativa

Artigo 3º.- Obrigados/as ao pagamento

Están obrigados/as ao pagamento as persoas físicas, xurídicas ou outro tipo de entidades sen personalidade, cando se outorguen as licencias ao seu favor, ou quen se beneficie do aproveitamento se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4º.- Categoría das rúas

Para os efectos previstos para aplicación da tarifa desta taxa, as vías públicas deste concello clasifícanse en tres categorías, conforme ao anexo que se une.

Artigo 4º.- Cota tributaria

As contías das taxas reguladas nesta ordenanza será fixada nas seguintes tarifas:

A) Terrazas

Tarifa ordinaria: por cada mesa e mes

Categoría da rúa

1ª: 8,75 €

2ª: 7 €

3ª: 2,5 €

Esta tarifa será irredutible por períodos inferiores a un mes.

Cando a solicitude sexa de catro meses ou máis pasará a pagarse a tarifa anual.

Tarifa anual

Categoría da rúa

1ª: 35 €

2ª: 28 €

3ª: 10 €

Tarifa extraordinaria: por cada mesa que se solicite para a súa instalación exclusiva en semana de festas, en Semana Santa e nos meses de xullo e agosto, terá unha recarga de:

Categoría da rúa

1ª: 25 €

2ª: 20 €

3ª: 5 €

Por cada metro lineal de barra que se solicite para a súa instalación exclusiva en semana de festas, terá unha recarga de:

Categoría da rúa

1ª: 25 €

2ª: 20 €

3ª: 5 €

Esta tarifa será irredutible e liquidarase sempre pola semana completa.

B) Ocupación espazo público por sectores distintos ao hoteleiro

Categoría da rúa

1ª: 10 € m²

2ª: 8 € m²

3ª: 5 € m²

Artigo 5º.- Obriga de pagamento

1. Para as licenzas outorgadas, renovarase e serán recollidas no padrón de taxas municipais do segundo semestre do ano en curso.